



Licenzas por estudos e ordes de comisións para asesorías, etc. Cales van publicar e cando?

Hai que ter en conta o novo calendario de adxudicacións de destinos. Debe estar todo adxudicado no mes de xullo.

Contestan dicindo que a planificación está en mans da dirección xeral de persoal.

Regulamentos Orgánicos de Centro

Informan que están priorizando outros temas como son os currículos e que contan con poder ter uns borradores en breve; en ningún caso para aplicar no curso que vén. Desde a CIG-Ensino demandamos que, dada a relevancia deste tema, exista un calendario amplo de negociación e que esta se faga a partir de comezos de curso.

Traballo do profesorado coordinador de bibliotecas escolares

Volvemos insistir na crítica expresada na última Mesa e sumámonos a un escrito que está a difundir o profesorado afectado, manifestando o noso rexeitamento á situación xerada e pretendida pola implantación da aplicación de xestión de bibliotecas Koha. Solicitamos novamente á Consellaría que asuma medidas como:

- Redución horaria lectiva considerábel e suficiente ao profesorado coordinador e membros dos equipos de bibliotecas.
- constitución de grupos de traballo e plans de formación nos propios centros cun número xusto e racional de horas de formación.
- Dotación de todos os medios dispoñíbeis.

A Consellaría pode e debe regular os cambios necesarios, tanto para estas funcións como para outras de coordinación e desenvolvemento de plans mediante unha orde previa aos cambios que se poidan facer nos ROC.

Como vén sendo habitual, a escusa para facer cambios en todo o que ten a ver co recoñecemento de funcións e tarefas non o van tocar antes de mudar os ROC.

Alumnado de altas capacidades

Pola información que nós temos non é casualidade que nas últimas convocatorias de prazas de atención preferente non se conceda ningunha destinada a alumnado de altas capacidades. Nos últimos 5 anos soamente se concederon 3 prazas. Nesta última convocatoria publicada chega a desaparecer, e polo tanto non convocarse, unha praza de altas capacidades que si aparecía no borrador. Esta tendencia dos últimos anos parece responder a un cambio de criterio da administración no que se refire ao traballo con este alumnado. Queremos confirmar que realmente isto é así e hai un cambio de criterio e de confirmarse cales son as medidas alternativas para os centros que ten escolarizado alumnado con altas capacidades e non se lle concede profesorado de apoio.

Afirman que non hai ningún cambio de criterio por parte da Consellaría e aseguran ignorar por que se eliminou a praza nesta convocatoria e que pode ser unha cuestión de persoal, sen dar máis explicacións.